

Lémbrome da chegada da primavera a Santa Comba, meus irmáns e mais eu correndo polas leiras de camiño ó castro da Ventosa. Leiras en campo ou a herba, cheas de pampillos, chuchameles, chufas e fieitas. Nelas pousábanse ducias de bolboretas, que con moito sixilo, tratábamos de atrapar, para xa logo na casa, clasificalas. Había abondas! Tan distintas, grandes e fermosas que xa nunca máis tal cousa vin.

E entre bolboreta e bolboreta, aproveitábamos para encher o cacharro de latón de grilos. Non collíamos dous nin tres, collíamos a raer centos deles, príncipes, raíñas e carniceiros. Xa na tenda, da miña madriña Dolores, escondíámoslos nas caixas das mantas, para ollar como poñían os ovos. Unha noite, fuxiron e invadiron a habitación dos meus pais. Os berros da miña nai debéronse escoitar en toda a vila.

Que emocionante era ir ó castro, cortando canas, para despois pescar no río. Dunha vez alí, loitábamos co único piñeiro piñoneiro de todo Xallas. Tratábamos de arrincarlle tódalas piñas posibles para despois metelas enriba da cociña de ferro. Coa calor era doado tirar os piñóns.

Pero o castro era un lugar mítico e imaxinábamos como vivirían nel a xente, que todos alí dicían que eran mouros pero nós ben sabíamos que non era así e imaxinábamos a xente dos castros loitando cos romanos. Collíamos pedras que pensábamos que eran dos tiracroios dos nosos devanceiros. Amosabámoslas ós demais raparigos, nun improvisado museo, nun dos dous cuartos da casa ao carón do faiado.

Ángel Carracedo
Científico e Investigador

DO GALEGO